

Describe as causas e as características da crise interna e internacional da Monarquía Hispánica a mediados do século XVII partindo dos seguintes documentos:

Docto. 1: Rendición de Breda (Velazquez)



Docto. 2: Respostas do capitán Diego Alatríste no chat de *El Mundo* (3-11-2011)

“[...] Si España no hubiera conquistado América habríamos tenido menos oro y plata que derrochar en fiestas estúpidas y guerras absurdas. Quizá eso nos habría hecho más sobrios y responsables... Éramos la mayor potencia del mundo... Junto a la responsabilidad de reyes imbéciles, curas fanáticos, ministros ineptos y demás, no podemos pasar por alto nuestra insolidaridad, nuestra vanidad, nuestro amor al ocio y nuestra incultura... En lo de pavonearse, derrochar, presumir, dárseles de hidalgo y trabajar poco, los españoles no parecen haber cambiado gran cosa... No queda sino batirnos, pese a todo. Contra la superstición, la envidia, la apatía, la incultura, la insolidaridad, la corrupción... Es decir, contra España misma”.

Docto 3: Tratado de paz con Inglaterra (1604, traducido do castelán)

Tratado de paz, alianza e comercio entre o señor rei católico don Filipe III e os señores arquiduques [de Flandres] Alberte e Sabela Clara Uxía dunha parte, e o serenísimo rei de Inglaterra Xacobe I doutra...

Primeiramente foi concluído, establecido e acordado, que de hoxe en adiante haxa unha boa, sincera, verdadeira, firme e perfecta amizade, confederación e paz, que dure para sempre...

2. Cese no futuro toda hostilidade e inimidade, esquecidas todas as ofensas, inxurias e danos recibidos durante as pasadas guerras....

3. Que o serenísimo rei de Inglaterra mandará ás súas guarnicións que baixo ningunha causa ou pretexto sirvan aos holandeses, nin a outros inimigos dos reis de España e dos arquiduques.


Docto 4: Memoriais e cartas do conde-duque de Olivares (1624)

Teña A Vosa Maxestade polo negocio máis importante da súa monarquía facerse rei de España; quero dicir, Señor, que non se contente A Vosa Maxestade con ser rei de Portugal, de Aragón, de Valencia, conde de Barcelona, senón que traballe e pense con consello maduro e secreto por reducir estes reinos de que se compón España ó estilo e leis de Castela...

Tres son, Señor, os camiños que A Vosa Maxestade lle pode ofrece-la ocasión e a atención nesta parte, e aínda que moi diferentes podería a disposición da Vosa Maxestade xuntalos e que, sen parecelo, se axudasen o un ó outro. O primeiro, Señor e o máis dificultoso de conseguir, pero o mellor podendo ser, sería que A Vosa Maxestade favorecese ós daqueles reinos introducindoos en Castela, casándoos nela e os de acá alá... pola admisión ós oficios e dignidades de Castela...

O segundo sería se atopándose A Vosa Maxestade con algunha grosa armada e xente desocupada introducise o tratar destas materias por vía de negociación dándose a man aquel poder coa intelixencia e procurando que, obrando moito a forza, se descoñeza o máis que puidese dispoñendo como sucedido acaso, o que toque ás armas e ó poder.

O terceiro camiño, aínda que non con medio tan xustificicado pero o máis eficaz, sería que, atopándose A Vosa Maxestade con esta forza que dixen, fose en persoa a visitar aquel reino onde houbese de facer o efecto e facer que se ocasione algún tumulto popular grande, e con este pretexto mete-la xente, e con ocasión de acougo xeral e prevención en diante como por nova conquista, asentar e dispoñer as leis na conformidade das de Castela, e desta mesma maneira ilo executando nos outros reinos.



Docto 6: **Diego SAAVEDRA E FAJARDO**.Empresas.1640 [castelán]

Con inmenso traballo e perigo traemos a España, das partes máis remotas do mundo, os diamantes, as perlas, os aromas e outras moitas riquezas. Pero fan outros negocio do noso traballo, transportándoas ás provincias de Europa, África e Asia. Entregamos aos xenoveses a prata e o ouro con que negocian e pagamos cambios e recambios. Saen de España a seda, a la, o aceiro, o ferro e outras diversas materias e, volvendo a nós labrados en diferentes formas, compramos as mesmas cousas moi caras polo transporte e elaboración, de sorte que nos resulta moi custoso o enxeño das demais nacións... E porque en España non se fai o mesmo, padécense tantas necesidades... porque falta o cultivo dos campos, o exercicio das artes mecánicas, o trato e o comercio aos que non se aplica esta nación.

Debes salientar:

- 1º. As razóns da existencia de validos na monarquía hispánica do século XVII (1 punto).
- 2º. O sistema *polisinodial* de goberno das *Españas*: características e eivas. (1 puntos).
- 3º. A política exterior dos Habsburgo españois durante os séculos XVI e XVII: obxectivos, características e consecuencias das mesmas (2 puntos).
- 4º. A evolución demográfica e económica da sociedade peninsular durante o século XVII (1 pto).
- 5º. Os obxectivos políticos de Olivares coa Unión de Armas e as consecuencias dos mesmos (2 puntos).